

Benqueridos pastores de abellas:

Ferrolterra, 20 Octubre 2011

A Delegación Ferroltera e os amigos das abellas que a formamos pretendemos dar a coñecer a sociedade o fascinante mundo das abellas que disfrutamos, para despertar o interese e o respeto por estos laboriosos e beneficiosos insectos sociais que tanto fan polo medio ambiente. A abella e a apicultura son os pilares da biodiversidade e os auténticos bioindicadores da saúde do noso planeta.

Facendo camiño. A instalación de colmeares municipais xestionados por AGA xá e unha realidade.

Na AGA entendemos que coa mala situación actual provocada polos neurotóxicos implicar ás administracións máis próximas é un bo xeito de defendelas.

Despois de anos visitando colexios, facendo charlas, cursiños e facendo tanta teoría xa iva sendo hora de potenciar de xeito permanente a práctica e a investigación.

Primeiro foi en Narón, co parque de Aldea Nova, e agora AGA xa conta con tres novas albarizas nos concellos de Ferrol, Narón e San Sadurniño.

Estes colmeares teñen tres claros obxetivos:

1. Investigación.- Fomento na bisbarra da abella resistente á varroa.
2. Formativo e divulgativo.- As prácticas, potenciación do arte milenario da crianza e pastoreo das abellas. As visitas didácticas, tanto para adultos como para nenos.
3. Solidario.- Viveiro de enxames para novos apicultores e reposición para os afectados polos neurotóxicos, e boa parte do mel obtido será doado ás entidades benéficas da bisbarra.

FERROL.- O colmear instalouse nunha paraxe inmillorable para as nosas amigas as abellas, nun rincón paradisiaco do fermoso Esmelle, no denominado "O Xardín da Pepa".

Trátase dunha finca privada dunha hectárea cedida á AAVV Valle de Esmelle para a súa custodia e uso público. O seu nome ven dado porque o lugar é coñecido polo nome de "o xardín" e os seus donos son "os de Pepa".

Non podemos rematar sen mostrar o noso máis sincero agradecemento á AAVV Valle de Esmelle, sen cúa colaboración e esforzo persoal este proxecto non sería posible.

NARON.- Nun monte ben ubicado para as nosas amigas e moi preto do parque de desenvolvemento rural Aldea Nova temos esta nova albariza.

SAN SADURNIÑO.- Outro lugar ben axeitado para a albariza e as actividades formativas e o Arboreto Galego de San Sadurniño, no propio paseo do Río Xubia. O colmear instalouse dentro do recinto pechado que contén a plantación de frutais autóctonos.

A calidade ambiental desta área certificouse coa súa inclusión na Rede Natura 2000.

Como non podía ser de outro xeito tódalas abellas que poblan estas novas albarizas proceden do programa de selección xenética de AGA de abellas resistentes á varroa.



Albariza no "Xardín da Pepa"



Albariza de San Sadurniño



Albariza en Naron

PRÓXIMAS ACTIVIDADES A REALIZAR

"XI FEIRA DO MEL E PRODUCTOS ECOLÓXICOS".- Domingo, 30 de outubro, no "Recinto Ferial do Trece" (Sedes- Narón), e de 10 a 14 horas e de 16 a 20 horas.

Outra nova edición desta a nosa tradicional feira do mel que tan boa acollida está tendo sempre na nosa bisbarra. Este ano repetirase a mesma fórmula, os artesáns do mel compartindo recinto ferial cos produtores ecolóxicos do CRAEGA. Como novidade este ano exténdese tamén ao serán.

Os visitantes podrán coñecer a rica oferta dos postos de venda e disfrutar da degustación de queixo e pan ecolóxico con mel artesán da bisbarra. Ademais, ao remate da mañá e do serán, os que haxan mercado algún produto, terán boletos para participarán no sorteo de 13 cestas con produtos ecolóxicos.

Os amigos que queiran poderán xantar con nós en Aldea Nova, reservando con antelación.

Como nas derradeiras edicións daranse premios as dúas mesas mellor decoradas. Aos participantes pedímoslles un pouco de esforzo nese senso.

XORNADAS TÉCNICAS EN ALDEA NOVA:

Venres, 4 de Novembro: As 18 horas.- "Producción primaria.- Novo etiquetado para comercialización do mel".

Relatora.- Ángeles Fernández Sánchez, veterinaria, especializada na lexislación vixente sobor etiquetaxe de alimentos.

Contido.- Producción primaria, como etiquetar e comercializar directamente noso mel,

As 19 horas.- "Apuntes sobre o manexo apícola"

Relator.- Marcos Varela Lorenzo, inxeñeiro agrónomo, especializado no mundo das abellas.

Contido.- Visitas de control, colonias de apoio, control do vigor, excluidores, sopladores, trampas para a avispa velutina, etc.

Sábado, 5 Novembro (10:30 horas).- "A xeobioloxía aplicada á apicultura".

Relator.- Javier Goyanes, prospectador xeobiolóxico e apicultor.

Contido.- Nocións básicas de cómo e ónde instalar adecuadamente as colmeas. Realizarase unha charla introductoria e posteriormente prácticas no colmeir de Aldea Nova.

PRESENTACIÓN NOVO LIBRO SOBRE AS ABELLAS

Disculpade, data por determinar, no "Casino Ferrolano" de Ferrol.- Realizarase a presentación do libro "Historia dunha pinga de mel, da flor á mesa", recentemente escrito por Xesús Asorey Martínez. Os abelleiros de Ferrolterra acompañaran neste acto ao noso camarada e amigo. Cando se fixe o acto avisarase por correo electrónico.

Unha aberta abelleira.

O grupo de traballo da vosa delegación de AGA Ferrolterra.

30 de outubro de 2011-Feira do Trece (Narón)
De 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

XI FEIRA DO MEL E PRODUCTOS ECOLÓXICOS

- Degustación gratuita de queixo e mel con pan ecolóxico
- Sorteo de lotes de produtos
- Mostra e venda de produtos ecolóxicos
- Charlas para profesionais. (VER: www.aldeanovna.es)



CHARLAS PARA APICULTORES

VENRES, 4 NOVEMBRO, 18 HORAS

- Relator.- Marcos Varela Lorenzo, inxeñeiro agrónomo, especializado no mundo das abellas.
- Contido.- "Apuntes sobre o manexo apícola".

VENRES, 4 NOVEMBRO, 19 HORAS

- Relator.- Ángeles Fernández Sánchez, veterinaria, especializada na lexislación vixente sobor etiquetaxe de alimentos.
- Contido.- "Producción primaria, como etiquetar e comercializar directamente noso mel".

SABADO, 5 NOVEMBRO, 10:30 HORAS

- Relator.- Javier Goyanes, prospectador xeobiolóxico e apicultor.
- Contido.- "A xeobioloxía aplicada á apicultura".
- Contido.- Nocións básicas de cómo e ónde instalar adecuadamente as colmeas. Realizarase unha charla introductoria e posteriormente prácticas no colmeir de Aldea Nova.

Organizan:



Colabora:

